



Fichas divulgativas pagamentos directos

FICHA 1b / PD

Pagamento verde

NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común (capítulo 3, artigos 43 ao 47).
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural (capítulo II, artigos 17 ao 24).

DEFINICIÓNS

Superficie agraria: calquera superficie dedicada a terras de cultivo, pastos permanentes e pasteiros permanentes ou cultivos permanentes;

Terras de cultivo: as terras dedicadas á produción de cultivos ou as superficies dispoñibles para a produción de cultivos pero en barbeito, incluídas as superficies retiradas da produción, de conformidade cos artigos 22, 23 e 24 do Regulamento (CE) nº 1257/1999, co artigo 39 do Regulamento (CE) nº 1698/2005 e co artigo 29 do Regulamento (UE) nº 1305/2013, con independencia de que se encontren en invernadoiros ou baixo a protección fixa ou móbil;

Pastos permanentes e pasteiros permanentes (conxuntamente denominados "**pastos permanentes**"): As terras utilizadas para a produción de herbas e outras forraxes herbáceas naturais (espontáneas) ou cultivadas (sementados), incluídos os pasteiros permanentes e que no haxan sido incluídas na rotación de cultivos da explotación durante cinco anos ou máis, nin haxan sido labradas durante cinco anos ou máis. Poden incluír outras especies arbustivas e arbóreas que poden servir de pastos e outras especies tales como arbustos e árbores que producen alimentos para os animais, incluso se as herbas ou outras forraxes herbáceas non son predominantes ou ben non están presentes en ditas terras (Redacción dada polo Real Decreto 27/2018 do 26 de xaneiro, polo que se modifica o Real Decreto 1075/2014 do 19 de decembro);

Herbas ou outras forraxes herbáceas: todas as plantas herbáceas que atopamos nos pastos naturais ou que se inclúen nas mesturas de sementes para pastos ou prados de sega no Estado membro, tanto se se utilizan como se non, para pasto dos animais.

Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos (art. 4.1)

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 3.2)

NORMAS XERAIS

Os agricultores con dereito a un pagamento en virtude do réxime de pagamento básico respectarán en todas as súas hectáreas admisibles as prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente ou as prácticas equivalentes.

Consideraranse prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente as seguintes:

- a) a diversificación de cultivos;
- b) o mantemento dos pastos permanentes existentes e
- c) contar con superficies de interese ecolóxico na superficie agraria.

Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos (art. 43, puntos 1, 2 e 3)

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (cap. II, art. 17 ao 24)



REQUISITOS XERAIS PARA PODER ACCEDER AO PAGAMENTO

Obrigatorio	X Si – Non Obs.:
Agricultor activo	X Si – Non Obs.:
Actividade agraria	X Si – Non Obs.:
Ter pagamento base	X Si – Non Obs.:

CARACTERÍSTICAS

a) Requisitos específicos para acceder a ese pagamento

- i. Ter pagamento base.
- ii. Agricultores que non están no réxime de pequenos agricultores.
- iii. As superficies de agricultura ecolóxica terán dereito inmediato a pagamento verde

b) Cálculo dos importes

- i. Aproximadamente o 50 % do importe do pagamento base

c) Principais elementos do pagamento:

- i. Ao ser unha porcentaxe do pagamento base, verase afectada pola converxencia

d) Obrigas ou exixencias asociadas ao pagamento: realizar prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente:

- i. Diversificación de cultivos
- ii. Mantemento de pastos
- iii. Superficies de interese ecolóxico.

Diversificación de cultivos (*) ():**

Non se aplica cando as terras de cultivo son menos de 10 ha.

Terra de cultivo entre 10 e 30 ha: polo menos dous tipos de cultivos diferentes nesa terra de cultivo. O cultivo principal non suporá máis do 75 % desa terra de cultivo.

Terra de cultivo máis de 30 ha: polo menos tres tipos diferentes de cultivos nesa terra de cultivo. O cultivo principal non suporá máis do 75 % desa terra de cultivo e os dous cultivos principais xuntos non suporarán máis do 95 % desa terra de cultivo.

() Os límites máximos anteriores non serán de aplicación ás explotacións cando máis do 75% das terras de cultivo estea cuberto por herba ou outras forraxes herbáceas ou por terras en barbeito durante unha parte significativa do ano ou do ciclo de cultivo. En tal caso, o cultivo principal da terra de cultivo restante non deberá cubrir máis do 75% de dita terra de cultivo restante, agás se a mesma está cuberta por herba ou outras forraxes herbáceas ou por terras en barbeito.*

*(**) Excepcións: cando máis do 75 % da superficie agrícola admisible sexa utilizada como pasto permanente, ou para a produción de herba ou outras forraxes herbáceas durante unha parte significativa do ano ou do ciclo de cultivo, ou se dedique a unha combinación destes usos; ou cando máis do 75% da terra de cultivo se utilice para producir herba ou outras forraxes herbáceas, ou para cultivar leguminosas, ou se deixe en barbeito, ou se dedique a unha combinación destes usos.*

Período principal de cultivo en Galicia: do 15 de xaneiro ao 15 de abril. O cultivo deberá estar presente no recinto durante a maior parte dese período. A mesma superficie de cultivo se contabilizará so unha vez para o cálculo.

Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos (art. 44)
Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 20).



Pastos permanentes:

Non se poden converter nin labrar, nin efectuar labores máis aló das precisas para o seu mantemento, os pastos permanentes catalogados como ambientalmente sensibles. En Galicia están nesa categoría os pastos permanentes localizados en turbeiras catalogados como Rede Natura 2000. Estes pastos estarán identificados no SIXPAC.

O Estado deberá manter a porcentaxe de referencia de pastos permanentes. Cando esta porcentaxe se reduza máis do 5 %, solicitarase que os agricultores que converteron pastos permanentes nos dous anos anteriores os reconvertan á porcentaxe que se determine.

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (arts. 21, 22 e 23)

Superficie de interese ecolóxico (*):

Cando a terra de cultivo da explotación supere as 15 hectáreas, polo menos o 5 % das superficies cultivables da explotación declaradas polo/a agricultor/a será superficie de interese ecolóxico (SIE).
Superficies consideradas como SIE: as terras en barbeito e superficies con cultivos fixadores de nitróxeno.

() Excepcións: cando máis do 75 % da superficie agrícola admisible sexa utilizada como pasto permanente, ou para a produción de herba ou outras forraxes herbáceas durante unha parte significativa do ano ou do ciclo de cultivo, ou se dedique a unha combinación destes usos; ou cando máis do 75% da terra de cultivo se utilice para producir herba ou outras forraxes herbáceas, ou se deixe en barbeito, ou se empregue para o cultivo de leguminosas, ou se dedique a unha combinación destes usos.*

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 24)